

# A fame como cuestión política

*Frei Betto*

**A** fame, como cuestión política, entrou na axenda brasileira desde 1946, cando Josué de Castro publicou o clásico “Xeografía da Fame”, subliñando que a desnutrición de millóns de persoas nada ten que ver coa fatalidade, sexa climática, sexa relixiosa. Porén, antes de Lula ningún presidente da República asumiu para si o desafío de erradicar a fame, exceptuando o programa de reformas de base de João Goulart, abortado polo golpe militar de marzo de 1964.

En 1991, o candidato Lula, derrotado na elección presidencial anterior, confiou ao Instituto Cidadanía, de São Paulo, a elaboración dun programa de seguridade alimentaria e nutricional para o Brasil, tarefa desempeñada por José Gomes da Silva (pai do ex-ministro José Graziano da Silva). “Seguridade alimentaria” é un concepto que data da Primeira Guerra Mundial (1914-1918) e ten que ver, si, coa seguridade nacional. A soberanía dunha nación corre o risco de fraxilizarse na medida en que non asegure á súa poboación alimento en cantidade e calidade suficientes; non prevexa reservas reguladoras; nin medidas preventivas ás calamidades naturais; e se vexa obrigada a importar alimentos imprescindíbeis á cesta básica.

Participei na reunión no Instituto Cidadanía, en São Paulo, na cal o Goberno Paralelo de Lula lanzou o programa de seguridade alimentaria e nutricional. Na ocasión, Lula encargou a Betinho (Herbert José de Souza) levar a bandeira ás rúas, dando oportunidade á Acción da Cidadanía.

Tres razóns motivaron ao fundador do PT para ofrecer ao país un programa desa índole: 1) O alarmante crecemento da miseria, agravada polo estancamento económico dos anos 80 e do progresivo aumento da desigualdade social; 2) O imperativo de incluír a fame na axenda política “desclandestinizándoa”, á semellanza do que ocorreu coa escravitude: após seus 358 anos de vixencia no país, ela só foi oficialmente abolida por figurar na pauta política das décadas precedentes a 1888; 3) A súa orixe persoal. Ao contrario de Nilo Peçanha, único presidente do Brasil que veu da pobreza, Lula naceu na miseria. Pobreza, como dicía don Helder Camara, é vivir do indispensábel. Miseria é carecer do indispensábel. A experiencia da fame na súa infancia marcou definitivamente o carácter do actual Presidente.

O programa de seguridade alimentaria estivo presente nas tres campañas presidenciais nas que Lula concorreu após a derrota do de 1989 (1994, 1998 e 2002). Será a partir de agosto de 2002 que el pase a ser coñecido pola marca Fame Cero. A 27 de outubro de 2002, na súa primeira manifestación pública despois de coñecido o resultado que lle deu a vitoria, Lula declarou que asegurar a cada brasileiro e brasileira tres comidas ao día, no prazo de catro anos, representaría a culminación da súa misión histórica.

Elaborado no Instituto Cidadanía por un equipo coordinado por José Graziano da Silva, o Fame Cero tornouse prioridade do goberno Lula, dispoñendo, en 2003, dun orzamento de uns 493 millóns de euros e, en 2004, de pouco menos de 1.640 millóns de euros. Antes do seu lanzamento oficial, a 30 de xaneiro de 2003, o programa recibiu moitas críticas, algunhas pertinentes, feitas por quen entende de seguridade alimentaria e nutricional, e outras improcedentes, de quen imaxinaba algo ben diferente do que estaba sendo deseñado polo goberno federal e implantado, como experiencias-pilotos, nos municipios piauienses de Guaribas e Acauã. Criticábase o tellado da casa cando aínda coidabamos de asentarmos as bases. Moitos imaxinaban que o Fame Cero era unha especie de xincana de colecta e distribución de alimentos.

### **Un programa de inserción social**

---

A partir de datos imprecisos, calcúlase que hai no Brasil cerca de 50 millóns de persoas en estado de desnutrición, o que equivalería a 11,4 millóns de familias. O feito é que morren, cada ano, cerca de 180 mil rapaces por enfermidades derivadas da auga contaminada e da falta de nutrientes esenciais.

En 2003, o Ministerio Extraordinario de Seguridade Alimentaria e Nutricional Combate á Fame (MESA) optou por iniciar o programa nos dous municipios arriba citados, caracterizados polo baixo IDH (Índice de Desenvolvemento Humano). Formados os Comités Xestores en cada un deles, integrados por lideranzas das comunidades, pasouse a inscribir as familias beneficiarias, 500 en cada municipio, a partir do criterio de renda per cápita inferior a medio salario mínimo. A inscrición feita polo goberno anterior presentaba incorreccións, como a ausencia de familias que nin documentos posuían.

Ao contrario que a maioría dos programas de combate á fame, o Fame Cero non é asistencialista, nin se limita a accións urxentes. Trátase dunha política de inserción social, para a que, máis importante que distribuír alimentos, é xerar renda, traballo, rescatar a autoestima e a cidadanía. As urxencias non fican descartadas, porque “a fame non pode esperar”, alertaba Betinho. O obxectivo do programa, porén, é combinar políticas locais (restaurantes populares, cocinas comunitarias, tendas de froitas e legumes con prezos controlados, Bancos e Alimentos, etc); políticas específicas (programa Bolsa Familia, ampliación do Programa de Alimentación do Traballador, reservas alimentarias de seguridade, ampliación da merenda escolar, etc); e políticas estruturais (reforma agraria, incentivo á agricultura familiar, cooperativismo, microcrédito, etc).

En 2003, o Fame Cero priorizou cinco esferas: 1) Municipios do Semi-Árido<sup>(1)</sup> da rexión nordeste e do Vale do Jequitinhonha (MG), en estado de calami-

---

(1) NdT. Con Semi-Árido os brasileiros fan referencia a unha parte do territorio da rexión nordeste do Brasil que se caracteriza por padecer longas secas.

dade pública; 2) Campamentos e asentamentos rurais; 3) Aldeas indíxenas en estado de subnutrición; 4) Poboación que vive nos e dos vertedoiros; 5) Comunidades chabolísticas.

Cada familia beneficiaria recibiu un cartón-alimentación, preferentemente entregado á muller, que lle daba dereito a retirar, durante o mes, uns 14 euros na Caixa Económica Federal. Con este recurso, podíase adquirir todo tipo de alimentos, exceptuando bebidas alcohólicas, refrixerios e tabaco. Non se esixía nota fiscal, a non ser que o vendedor a emita, pois non cabe ao goberno federal incentivar o fraude. Pedíase apenas que o produto comprado e o valor pagado fosen rexistrados nun caderno fornecido polo programa, de modo que se puidese seguir a variación de prezos no municipio e a evolución nutricional dos beneficiarios (se, por exemplo, pasaron a consumir verduras, legumes, froitas e máis proteína). En caso de que o beneficiario fose analfabeto, alguén debía facer o rexistro por el.

Unha vez en posesión do cartón-alimentación, a familia beneficiaria pasaba a ser obxectivo dun conxunto de políticas públicas, que procuraban retirala da exclusión social. Así, alén da documentación –do certificado de nacemento ao CPF<sup>(2)</sup>– eran ofrecidos cursos de alfabetización e profesionalización, construción de morada e cisterna de captación de auga da chuvia (se vive no Semi-Árido), hortas domésticas e comunitarias, microcrédito, cooperativismo, agricultura familiar, programas de saúde, etc.

O éxito do Fame Cero consiste en tornar o beneficiario, canto antes, libre da dependencia do programa e da solidariedade da sociedade civil.

O Sede Cero complementa o Fame Cero. É politicamente incorrecto falar de “combate á seca”, igual que non hai combate á neve. Trátase de aprender a convivir coa seca, combatendo a sede. Nese sentido, hai vinte anos un agricultor do Semi-Árido, Manoel Apolônio de Carvalho, descubriu que non é xusto culpar a San Pedro pola falta de auga naquela rexión do país. Auga hai, especialmente de chuvia; ocorre que a súa precipitación se concentra en poucos días do “inverno” do nordeste (entre xaneiro e marzo). Resta, pois, saber collela e conservala. Así, el inventou a cisterna de placa de cemento, capaz de conter 16 mil litros, suficientes para abastecer unha familia de cinco persoas por oito ou nove meses. Nos primeiros minutos da precipitación, a chuvia lava a atmosfera e o tellado da casa. Só entón é aberto o cano que une o canal á cisterna, filtrando follas e broza. Mesmo nos anos de maior seca, chove o bastante para enchela. A auga collida é utilizada para dar de beber aos animais e na hixiene doméstica (baño, limpeza, cociña, etc). A utilizada no baño e na lavaxe de utensilios debe ser conservada para regar a horta ou pomar en volta da casa, sen botala directamente sobre as plantas, senón a dous ou tres palmos de distancia, de modo que a terra filtre os compoñentes químicos.

Unha cisterna custa, hoxe, 380 euros, xa agregado o valor formativo, imprescindible para alzar a familia á cidadanía. Cerca de 50 mil xa foron construídas ao

(2) NdT. O *Cadastro de Pessoas Físicas* (CPF) é o documento que identifica un contribuínte no Brasil.

longo dos últimos vinte anos. O P1MC –Programa de 1 Millón de Cisternas– é controlado pola ASA (Articulación no Semi-Árido, <http://www.asabrasil.org.br/>), foro que congrega máis de 700 entidades, entre ONGs, sindicatos, igrexas, asociacións, etc. A ASA é, de feito, o brazo hídrico do Fame Cero. O goberno Lula desafectou, en 2003, máis de 4 millóns e medio que, sumados ao compromiso asumido pola Febraban (Federación Brasileira de Bancos), de construír, no ano pasado, 10 millóns de cisternas, posibilitaron que sexan abertas, até decembro do último ano, un mínimo de 22 mil cisternas.

## **Deseño do Fame Cero**

---

A fins de 2003, o presidente Lula operou unha mudanza no deseño do Fame Cero. Erradicou os ministerios de Asistencia Social e o MESA e creou, baixo o mando do novo ministro Patrus Ananias, o Ministerio do Desenvolvemento Social e Combate á Fame (MDS). Unificou tamén todos os programas de transferencia de renda do Goberno Federal, creando o programa Bolsa Familia, que triplicou a renda das familias beneficiarias. Antes elas recibían cerca de 6 euros por mes e, agora, son 20 euros, debendo engadir 4 euros por cada fillo en idade escolar. Tres deberes ou condicións foron esixidos dos beneficiarios: manter ao día o programa de vacinas de mulleres embarazadas e rapaces até 6 anos; enviar os analfabetos á alfabetización, manter na escola os fillos en idades entre 6 e 15 anos.

En setembro de 2004 o Bolsa Familia xa facía transferencia mensual de renda a 5 millóns de familias.

O Fame Cero é asesorado polo CONSEA (Consello de Seguridade Alimentaria e Nutricional), presidido por Francisco Menezes, integrado por 62 persoas (13 ministros de Estado; 11 observadores; 38 personalidades da sociedade civil organizada). É un órgano de carácter consultivo, directamente vinculado á Presidencia da República. A maioría dos seus membros actúa na área de seguridade alimentaria e nutricional e/ou lida con poboacións necesitadas.

Para que o programa se estenda hoxe a todo o país, ten sido constituídos en todos os estados e innumerábeis municipios, os seus respectivos CONSEAs.

A Mobilización Social do Fame Cero, coordinada por André Spitz e por min, creou un deseño que inclúe COPO, PRATO, SAL E TALLER. En cada municipio debe ser constituído, por voluntarios, un COPO (Consello Operativo do Programa Fame Cero), que actúa como brazo executivo do CONSEA ou, na falta deste, do Comité Xestor.

Segundo o “Manual do *Mutirão*<sup>(3)</sup>” (MESA, 2003) o COPO ten como función coidar da recadación de recursos no local, administrar as doazóns que che-

---

(3) NdT. O *mutirão* é unha axuda desinteresada que tradicionalmente se prestan os labradores brasileiros uns aos outros nas colleitas, nas construcións das casas... Tradición, por outro lado, tamén viva no noso país.

gan, e responsabilizarse do almacenamento e do transporte dos alimentos. É el quen identifica e selecciona as entidades a seren atendidas cos alimentos doados, entidades consideradas idóneas polo Consello de Asistencia Social ou, na falta deste, por órgano similar.

De preferencia, o COPO debe dispor de enderezo electrónico e teléfonos, atendidos por voluntarios, para orientar doadores e receptores. Compete a el inscribir os beneficiarios, os doadores permanentes, así como controlar a loxística da colecta e da distribución, alén de ser responsábel da fiscalización da calidade e orixe dos alimentos recibidos. Nunha cidade populosa, caben COPOs sectoriais, como o dunha confesión relixiosa, ou dunha universidade, ou dunha mancomunidade, ou dunha institución pública ou privada, etc.

PRATO significa Programa de Acción Todos pola Fame Cero. Equivale ao comité de recadación e distribución de alimentos en situacións de emerxencia. Os PRATOs están formados por voluntarios, organizados por lugar de traballo, barrios, igrexas, escolas, clubs, empresas, etc. Funcionan como brazos operativos do Fame Cero. Organizan colectas e doazóns e, coordinados polo COPO, dirixen as entidades que traballan coas familias beneficiarias.

Máis que recadar alimentos, o Fame Cero quere recadar solidariedade, uninndo a fame de comer coa vontade de facer e axudando as familias beneficiarias a camiñar desde a exclusión cara a inclusión social; da pobreza á xeración de renda; da dependencia á cidadanía.

Como o Fame Cero é unha política pública que, apoiada pola sociedade civil, é coordinada por unha xestión interministerial, en case todos os municipios do país familias necesitadas son supervisadas por Axentes Comunitarios de Saúde. Nas áreas de actuación da Pastoral do Neno, nais xestantes e nenos de 0 a 6 anos de idade son supervisadas por axentes voluntarios.

Todos eses axentes poden ser tamén SAL –Axentes de Seguridade Alimentaria– sempre que estean capacitados para esta función. O SAL supervisa as familias e os núcleos poboacionais beneficiados polo Fame Cero. É o seu papel comprobar como o beneficiario camiña da exclusión para a inclusión social: se mes a mes ten mellorado a dieta, a hixiene corporal, bucal e doméstica; se os analfabetos teñen participado do curso de alfabetización; se os desempregados frecuentan o curso de profesionalización; se a familia cultiva horta doméstica ou participa da hora comunitaria; se desenvolve a agricultura familiar; se dedica esforzo á construción da cisterna; se participa na formación de cooperativas, etc.

TALLER é un instrumento de alimentación. Para o Fame Cero, non só é necesaria a alimentación física, senón tamén mental e espiritual. O Fame Cero non quere saciar apenas a fame da pan, tamén a de beleza: promover a educación cidadá dos beneficiarios, segundo o método Paulo Freire.

O equipo coñecido por TALLER prepara monitores que capacitan a quen participa nos Comités Xestores, COPOs, PRATOs ou actúa como SAL. E axuda a multiplicar moitos TALLERES polo Brasil para fóra.

## Protagonismo da sociedade civil

---

O Fame Cero depende da participación da sociedade civil (“Como os voluntarios poden formar parte do Programa Fame Cero” cartilla do Faga Parte, <http://www.facaparte.org.br/>). Dun lado, innumerábeis persoas doan alimentos impecadoiros, entregados aos postos de colecta nas axencias da Caixa Económica Federal, do Banco do Brasil, nas oficinas de Correos e nas unidades militares. As doazóns de pequeno porte destínanse ao municipio en que son colectadas, entregadas a entidades (cívís, relixiosas, etc) que actúan cos segmentos máis necesitados da poboación.

Unha das iniciativas valoradas polo programa é o Banco de Alimentos, que recolle, nos días útiles, inclusive alimentos perecedoiros, doados por panaderías, carnicerías, restaurantes e supermercados, e fainos chegar, no mesmo día, baixo rigoroso control sanitario, á mesa dos necesitados (asilos, parvularios, clínicas de pacientes pobres, indixentes, etc). O Banco de Alimentos da prefectura de Santo André (SP) é exemplar e anima aos interesados en desenvolver esta modalidade de servizo. O SESC opera na mesma dirección, a escala nacional, a través do MESA BRASIL, baseado nas experiencias pioneiras do MESA SÃO PAULO e MESA RIO.

As doazóns de grande porte, por riba de 10 toneladas, son destinadas aos almacéns da CONAB (<http://www.conab.gov.br/>) e transformadas en diñeiro ou cestas básicas entregadas a quen depende de doazóns urxentes, como aldeas indíxenas en estado de desnutrición e campamentos rurais. As doazóns en diñeiro, depositadas en contas do Banco do Brasil e da Caixa Económica Federal, van para o Fondo de Combate á Pobreza (<http://www.fomezero.gov.br/>).

O Fame Cero é un *mutirão* idealizado polo goberno Lula e protagonizado pola sociedade civil. É significativa a colaboración de entidades, institucións e empresas privadas, alén das empresas públicas, todas elas implicadas no éxito da loita de combate á fame, cada unha coa súa actuación específica. Hai unha cartilla destinada ás empresas privadas (<http://www.ethos.org.br/>) orientándoas sobre como participar no Fame Cero. Toda colaboración é de catro anos. Cada empresa é credenciada polo programa a través do NAE (Núcleo de Atendimento Especial ([naempresas@planalto.gov.br](mailto:naempresas@planalto.gov.br))) e recibe un certificado numerado e asinado polo ministro do MDS. Como declarou o presidente Lula na reunión do CONSEA (25/02/03), “é preciso crear unha consciencia na sociedade de que un goberno pode facer moito, mais, que por máis que o goberno faga, el non ten a mesma forza que a sociedade terá, se ela quixer asumir para si a tarefa de atender diso”.

## Avances do Fame Cero

---

Guaribas, no Piauí, ten pouco menos de 5 mil habitantes e é un dos máis pobres municipios do Brasil. Para obter auga, hai 50 anos a poboación percorría 4 km até unha serra, onde unha gruta abriga un pequeno manantial. Mulleres e nenos cubrían, diariamente, os 8 km cargando baldes na cabeza.

Grazas ao Fame Cero, un conxunto de bombas de auga subministra a auga arxilosa dunha lagoa situada no perímetro urbano e, a través dun chafariz, entrega á poboación auga potábel. Dona Lúcia Dias, 36 anos, contaba que está encantada coa auga preto da casa, cando seu marido, Salvador Alves, 43, interveu: “Esa auga é unha marabilla. Antes non había tempo para máis, pois miña muller saía á 1h da tarde para buscar auga e só voltaba ás 6h da mañá”.

Marleide Alves Duarte, 20, dixo que antes do chafariz ela adoitaba chegar á fonte da gruta á 1h da madrugada e saír dalí ás 7h da mañá: “As mulleres facían fogueiras para quecer os corpos. Ninguén cheiraba o marido, porque el voltaba do traballo e non podía bañarse. Agora, eses anos de sufrimento acabaron”.

Guaribas colleu, en 2003, 160 toneladas de feixón. Por primeira vez, ninguén negociou cos intermediarios, que ofreceran 6 euros por saca. A comunidade organizada decidiu vender colectivamente a través de poxa. A saca foi vendida a prezos que variaron entre 14 e 19 euros.

En Acauã, outro municipio piloto, unha señora de 73 anos, alfabetizada en tres meses, pediu ao axente de seguridade alimentaria: “Quero ir ao sindicato rural mudar miña conta de xubilada”. El non entendeu a razón. Ela engadiu “Alá ten o meu dedo. Agora quero botar a miña asinatura”.

As feiras municipais funcionan en Guaribas e Acauã, onde están sendo construídos mercados públicos. A electrificación levou luz a catro poboados rurais de Guaribas. Están sendo construídas en Guaribas, Acauã, Alta e Vila Irmã Dulce, en Teresina, 1.500 vivendas, todas con sete compartimentos. Estaban previstas 430 fosas sépticas nos primeiros seis meses. Foron abertos 1.500 en 4 meses.

Nos dous municipios piloto, o Analfabetismo Cero favoreceu, o ano pasado, a 600 adultos. Os alfabetizadores –estudantes e profesores da rexión– gañaron no final do curso, que durou tres meses, 27 euros por alumno alfabetizado, ou sexa, cerca de 520 euros polos tres meses de traballo. E cada alfabetizado recibiu, co diploma, 54 euros, máis 27 euros pola carta enviada ao presidente Lula e máis 27 euros pola carta remitida ao gobernador Wellington Dias. Así, a fame de letras reactivou a economía local, saciando tamén a de pan.

O programa “Fantástico”, da TV Globo, mostrou a favela Piratininga, en Osasco (SP), onde viven emigrantes de Guaribas. Sisonaldo Ferreira Alves, 23, vivía alí e traballaba como axudante de pedreiro. Atraído polas boas noticias do Fame Cero, retornou ao municipio: “Voltei porque están ocorrendo mudanzas. Guaribas non tiña nada. Non tiña pavimento, non tiña empregos. Non era posíbel sobrevivir”. Agora, el será empregado da Cohab (Cooperativa Habitacional) do Piauí na construción de casas.

Aderismar de Andrade Dias, 20, tamén retornou a Guaribas, abandonando en São Paulo o traballo con escaiola, polo que recibía 68 euros mensuais. Agora, presta servizo á construción de casas, conducindo o camiión do pai, e gaña, como media, 8 euros por día no transporte de material. No final do mes, Aderismar gaña máis que en São Paulo. “E coa vantaxe –di el– de morar cos meus pais, non ter medo da violencia e non vivir na favela”.

A poboación de Guaribas obtivo tamén unha radio comunitaria, a Radio Esperanza. Alén de información, ela quere expresar a súa palabra. Palabra é sinónimo de Deus, Verbo que se fixo carne. Ese rescate de cidadanía propiciado polo Fame Cero é, sen dúbida, o seu maior mérito, que o define como un combate non apenas contra a fame, senón especialmente contra a exclusión social. Como alertaba S. Tomás de Aquino: “Non se pode esixir a práctica das virtudes a quen pasa fame”. Oito séculos despois deste aviso, polo menos o goberno brasileiro entendeu que sen pan non hai paz. Esta, como clamou o profeta Isaías hai case tres mil anos, debe necesariamente ser filla da xustiza, como enfatizou o presidente Lula en setembro de 2004, na Asemblea Xeral da ONU, ao lanzar a proposta dun *mutirão* mundial de combate á fame e á miseria, a través da taxación do comercio armamentista e do diñeiro investido na especulación financeira. Nese sentido, o Fame Cero lanza tamén as sementes da violencia Cero e dunha civilización solidaria.

### Saiba máis sobre o Fame Cero

---

<http://www.fomezero.gov.br/>  
<http://www.bancobrasil.com.br/>  
<http://www.caixa.gov.br/>  
<http://www.coepbrasil.org.br/>  
<http://www.mobilizacao.org.br/>

---

*Frei Betto é escritor e frade dominicano, asesor especial do presidente Lula e coordinador da Mobilización Social do Fame Cero.*